



ESPAZOS PROTEXIDOS

LE E CONTESTA

Os espazos protexidos son áreas terrestres do territorio especialmente adicadas á conservación da natureza e á protección da contorna.

Constitúen unha ferramenta esencial para a conservación dos ecosistemas e a protección das especies, xa que se consideran exemplos de boas prácticas ambientais.

PARQUES

Son áreas naturais pouco transformadas pola explotación humana que posúen ecosistemas representativos ou nos que se localiza fauna e flora singular. Os parques nacionais son un exemplo. En España temos 15 parques nacionais. Algúns deles son: o Parque Nacional do Teide (Tenerife), o Parque Nacional de Ordesa e Monte Perdido (Huesca), o Parque Nacional dos Picos de Europa (Asturias - Cantabria - León) ou o Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia (Pontevedra - A Coruña)

RESERVAS NATURAIS


Son espazos que teñen como función principal a de protexer ecosistemas que se consideran dunha especial importancia. En Galicia temos algúns como o Complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán ou o Parque Natural de O Invernadeiro

ÁREAS MARIÑAS PROTEXIDAS

Son espazos naturais que se crean para protexer ecosistemas mariños de especial importancia. O Espazo mariño da Costa da Morte é un exemplo.

PAISAXES PROTEXIDAS

Son partes do territorio que se consideran merecedoras dunha protección especial polos seus valores naturais, estéticos ou culturais. O Parque Natural das Fragas do Eume ou os Penedos de Pasarela e Traba en Vimianzo son exemplos de paisaxe protexida en Galicia



ESPAZOS PROTEXIDOS

UNE CON FRECHAS



PARQUE
NACIONAL



RESERVA
NATURAL



ÁREA
MARIÑA
PROTEXIDA



PAISAXE
PROTEXIDA

